



## **BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE DA DEPUTACION PARA O ANO 2018**

### **PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O Concello de Salvaterra de Miño presentou solicitude ante a Deputación de Pontevedra para a contratación de traballadores/as desempregados acolléndose á convocatoria do Plan de Obras e Servizos 2018, inscritas no Servizo Público de Emprego.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación dos seguintes postos: 1 cobrador, 2 peóns de limpeza e 2 monitores deportivos.

A contratación será de carácter laboral e temporal (na modalidade de obra ou servizo determinado), a tempo parcial de 35 horas semanais durante 2 meses. As retribucións serán dunha contía de **801,29€ brutos mensuais**, que se corresponde co Salario Mínimo Interprofesional para este ano, dacordo coas bases da convocatoria da Deputación de Pontevedra do Plan de Obras e Servizos 2018.

### **SEGUNDA.- PUBLICIDADE**

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

### **TERCEIRA.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

Para tomar parte no proceso de selección será necesario reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

#### **Requisitos xerais:**

- Ter a nacionalidade española ou atoparse o eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Emprego Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.



- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

#### **Requisitos específicos:**

- Ser desempleado inscrito no Servizo público de Emprego de Galicia como demandante demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
- Ser convocado pola Oficina de Emprego de Pontearreas mediante notificación dese organismo.
- Titulacións para cada posto:
  - Cobrador:** EXB ou equivalente.
  - Peóns de limpeza:** non se precisa titulación mínima
  - Monitor deportivo:** ter formación específica de monitor deportivo e estar en posesión como mínimo do título de EXB ou equivalente

#### **CUARTA-SISTEMA DE SELECCION**

O Concello de Salvaterra de Miño solicitará alomenos cinco candidatos por posto mediante presentación da correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Pontearreas, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán.

A Oficina de Emprego de Pontearreas notificará aos candidatos preseleccionados a oferta de emprego e nesta notificación achegaralle información da documentación que se presentará no Concello.

A Oficina de Emprego de Pontearreas remitirá ao Concello de Salvaterra de Miño un informe con tódolos candidatos propostos e notificados, que será trasladado ao Tribunal de selección.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

#### **QUINTA – DOCUMENTACION E PRESENTACION DE SOLICITUDES.**

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. Darase un prazo límite de 2 días hábiles (o día en que sexan convocados pola Oficina de Emprego e outro día máis), para presentar a documentación requirida e poder participar no proceso selectivo. O horario de presentación de documentación de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.



Xunto coa instancia deberán presentar a seguinte documentación:

- Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Certificado de períodos de inscrición como demandante de emprego.
- Acreditación de estar en posesión da titulación esixida para o posto ao que se opta. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite a súa homologación.
- Solicitude. Anexo I
- Relación de méritos que alega e documentación **xustificativa e compulsada** de cada un deles.
- Anexo II. Declaración xurada

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

**Toda a documentación achegada en copia deberá presentarse compulsada.**

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución coa lista provisional de admitidos e excluídos. Esta resolución será publicada no Taboleiro de anuncios do Concello, facendose constar o motivo da exclusión e concederese un prazo de 2 días hábiles para que os interesados podan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motiven a exclusión.

Finalizado o prazo de reclamacións ou enmendas, e resoltas as mesmas, elevarase a definitiva a lista de admitidos e excluídos e baremados os méritos o Tribunal fará pública a lista de aspirantes por orde de puntuación. Na mesma resolución incluírase o lugar e a data da proba da entrevista.

## **SEXTA. BAREMO XERAL DE MERITOS**

### **1º.- Formación Profesional**

Asistencia a cursos directamente relacionados co traballo a realizar (non se valorará a estes efectos a titulación indicada coma requisito mínimo para cada posto, nin os cursos que se consideren repetidos por teren un contido sustancialmente igual, valorándose nestes últimos casos só o de máis duración ou nivel):

- Por cada curso de ata 25 horas ou que non especifique duración: 0,01 puntos
- Por cada curso de duración superior ás 25 horas: 0,05 puntos
- Por cada curso de duración superior ás 50 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso de duración superior ás 100 horas: 0,25 puntos
- Por cada curso de duración superior ás 250 horas: 0,75 puntos
- Por cada curso de duración superior ás 500 horas: 1 punto

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das



administracións públicas e universidades). Neste senso, non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias ou outras institucións privadas se non se xustifica a homologación sinalada. **Máximo 1 punto.**

## 2º.- Galego

Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):  
**Máximo 0,50 puntos**

- Curso oral de galego ou certificación de aptitude do CELGA 1: 0,10 puntos.
- Certificación de aptitude do CELGA 2: 0,20 puntos.
- Curso de iniciación ó galego ou certificación de aptitude do CELGA 3: 0,30 puntos.
- Curso de perfeccionamento ou certificación de aptitude do CELGA 4: 0,50 puntos.

**3.- Circunstancias persoais:** na Base Oitava da convocatoria do Plan Oras e Servizos 2018, relacionanse a preferencia dos seguintes criterios, por esta orde, no procedemento de selección:

1. Condición de vítima de violencia de xénero: **1 punto**
2. Ser maior de 45 anos: **0,80 puntos**
3. Formar unha familia monoparental con fillos ao seu cargo: **0,70 puntos**
4. Non ser perceptor de ningún tipo de prestación social destinada a garantir os recursos mínimos: **0,60 puntos**  
Acreditarase a percepción dalgún tipo de prestación ou non, mediante informe ou certificado emitido polos Servizos Sociais municipais ou doutro organismo competente (Instituto Nacional da Seguridade Social e Servizo de Emprego Público Estatal).
5. Por ter *cargas familiares que fomren parte da unidade familiar e que non perciban ingresos*: **máximo de 0,20 puntos**, e entendéndose por éstas, ter a cargo da persoa desempregada e sen percibir ningún tipos de ingresos: o/a cónxuxe, fillo/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as. Valorarase, 0,05 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental. Os méritos incluídos neste apartado deberán xustificarse achegando:
  - 5.1.-Copias do libro de familia
  - 5.2.-Volante de empadramento da unidade familiar expedido polo Concello
  - 5.3.-Certificado de prestacións emitido pola Seguridade Social por cada un dos fillos maiores de 16 anos e menores de 26, ou maiores con discapacidade ou menores acollidos.
6. *Situación de desemprego*. Por estar inscrito como demandante de emprego cunha antigüidade de 2 anos, dende o 31/12/2016, 0.10 puntos por ano, ata un máximo de **0.20 puntos**.

Acreditación con informe do período de inscrición como demandante de Emprego emitido pola Oficina de Emprego de Pontearas

## 4.-Experiencia Profesional

- Por cada mes de traballo en posto similar: 0,10 puntos por mes.  
Non se computarán as fraccións de mes. **Máximo 2 puntos**



**5.-Entrevista Persoal:** Tódolos candidatos deberán realizar unha entrevista cos membros do Tribunal na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver. **Máximo 3 puntos**

#### **QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso que terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e tres vocais).

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación cá esixida ós aspirantes á praza convocada.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas dacordo co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximo Xurídico do Sector Público.

Dacordo co establecido no artigo 60 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e da paridade de homes e mulleres.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, este último con voz e voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.


A composición efectiva do tribunal determinada polo Señor Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### **SÉTIMA – NOMEAMENTO E FORMALIZACION DO CONTRATO.**

O Tribunal, á vista dos resultados e puntuacións totais, propondrá ó órgano competente a contratación dos/as aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superar o número de propostos/as o das prazas convocadas.

Xustificada a documentación sinalada no punto anterior, o acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación. O contrato será formalizado de acordo coa normativa laboral de aplicación.


No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que leve máis tempo en situación de desemprego. De proseguir o empate darase preferencia ao/a candidato/a que acadase maior puntuación no apartado de valoración de méritos de



**CONCELLO  
DE  
SALVATERRA DE MIÑO**

Praza da Constitución, nº1  
36450 – Salvaterra de Miño  
PONTEVEDRA - ESPAÑA

Teléfonos: 986 65 81 26 - 986 65 80 82  
Fax: 986 65 83 60 CIF: P 3605000 C  
mail: rexistro@concellodesalvaterra.org  
www.concellodesalvaterra.org



circunstancias persoais. En caso de renuncia, que deberá facerse por escrito, pasará a ser seleccionado o seguinte candidato/a con maior puntuación presentado.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Tocante ao previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril do réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei dos Traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación.

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE